

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA SOBRE A REINCORPORACIÓN DO PERSOAL CON PERMISO POR DEBER INESCUSABLE OU ESPECIALMENTE SENSIBLE

O pasado 9 de maio o *Boletín Oficial do Estado* publicou a Orde JUS/394/2020, do 8 de maio, pola que se aproba o Esquema de seguridade laboral e o Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19, no marco do previsto no Real decreto lei 16/2020, do 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza.

Pola súa banda, a Orde JUS/504/2020, pola que se activa a fase 3 do Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19, resolve que *sen prexuízo da suxeición de todo o persoal ás necesidades do servizo, e da súa disposición, cando se lles requira, para a prestación dos servizos públicos encomendados á Administración de xustiza, entenderase que todos os funcionarios desta Administración que actualmente se encontren de permiso por deber inescusable, manterán a súa vixencia na nova fase 3, extinguíndose os seus efectos o 21 de xuño de 2020.*

Á súa vez, a mencionada Orde JUS/504/2020 tamén prevé, con respecto ao persoal especialmente sensible, que *non poderá ser chamado a prestar servizos de forma presencial o persoal que teña recoñecidos permisos por patoloxías susceptibles de agravarse por efecto da exposición á COVID-19, en tanto non se verifique polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais en que condicións pode prestar servizo presencial en situación de seguridade*, previsión que foi así mesmo recollida na Resolución do 8 de xuño desta Dirección Xeral de Xustiza.

Neste marco, a incorporación faise posible, por outra parte, unha vez que os postos de traballo foron revisados e adoptadas as medidas de protección individual e colectiva aplicables; incluído o establecemento de quendas de tarde naqueles casos nos que resultou necesario.

Todo isto, unido a observancia das medidas de hixiene e prevención persoal, así como o emprego de equipos de protección individual, posibilita a reincorporación do persoal especialmente sensible tendo ademais preferencia para prestar os seus servizos a través da modalidade voluntaria de teletraballo, se é que non estivera xa desenvolvendo as súas tarefas nesta modalidade.

En atención ao anterior e en execución das ordes do Ministerio de xustiza que regulan as fases de desescalada e correlativas resolucións desta dirección xeral, e mais concretamente á relativa a esta fase 3, dispónse que:

Primeiro. Permiso por deber inescusable.

Todo o persoal acollido ao permiso por deber inescusable previsto na Orde JUS/504/2020 deberá incorporarse ao seu posto de traballo o 22 de xuño.



Una vez reincorporados e de presentarse un novo permiso por deber inescusable, este será valorado en cada caso concreto, atendendo exclusivamente ás circunstancias extraordinarias debidamente acreditadas.

Segundo. Persoal especialmente sensible.

Daranse por finalizados os permisos concedidos ao persoal que, tendo solicitado a valoración da súa situación de vulnerabilidade ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recibira xa o correspondente informe e este clasificase a dita situación como 1¹ e 2², ou 3³ (sen recomendación de baixa), situacións que lle permiten continuar coa súa actividade laboral observando as medidas de protección, tanto colectivas como individuais previstas. Por outra parte, e polo que respecta á clasificación 4⁴, estarase ao caso concreto, e á posibilidade ou non de adaptación ou cambio de posto, que de non ser posible implicaría a tramitación da corresponde IT (incapacidade temporal) como traballador especialmente sensible ou PREL (prestación risco embarazo lactación).

Nos casos nos que o informe recomende a baixa médica, a persoa afectada deberá dirixirse ao seu servizo médico de atención primaria aos correspondentes efectos, xustificándoo ante o respectivo servizo de persoal.

Así mesmo, tamén poderase dar por finalizado o permiso ao persoal que non presentase os informes e/ou datos requiridos polo servizo médico para valorar a súa situación, sempre que non medie causa xustificada, que se deberá acreditar.

Terceiro. Prestación de servizos mediante teletraballo

O persoal comprendido nos dous apartados anteriores terán preferencia no acceso ao teletraballo cos mesmo requisitos e condicións establecidos pola Resolución do 8 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regula a fase 3 do Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19, para dita modalidade de prestación de servizos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director xeral de Xustiza
Juan José Martín Álvarez

¹ Non precisa nin adaptación nin cambio de posto, permanecendo na súa actividade profesional habitual.

² Continuar actividade laboral. Pode realizar tarefas con exposición a persoas sintomáticas con EPIs adecuados.

³ Pode continuar actividade laboral sen contacto con persoas sintomáticas. Si imposibilidade, tramitar PREL ou IT como traballador especialmente sensible.

⁴ Precisa cambio de traballo e, de non ser posible, tramitar PREL ou IT como traballador especialmente sensible.

